



PROCEDIMENTO PARA A TRAMITACIÓN, Á COMPAÑÍA DE SEGUROS, DE ACCIDENTES OU DANOS NA EMPRESA DO ALUMNADO QUE REALIZA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS

Número da Póliza de accidentes: **GA C30 0000127**

Número da Póliza de responsabilidade civil: **GA R18 0000267**

Período de efecto: **01/09/2023 – 31/08/2025**

Compañía aseguradora: Helvetia Compañía Suiza S.A. de Seguros y Reaseguros
C/ Paseo Cristóbal Colón, 26 - 41001 - Sevilla
CIF: A41003864

Tomador: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Dirección Xeral de Formación Profesional
Edificio Administrativo San Caetano, s/n – 15781 Santiago de Compostela
CIF: S1511001H

1. Cobertura

Estas pólizas darán cobertura ao alumnado das seguintes ensinanzas:

- Formación Profesional Básica
- Ciclos formativos de grao medio ou superior da Formación Profesional Inicial
- Cursos de especialización de FP
- Ciclos formativos de grao medio ou superior de Artes plásticas e deseño
- Ciclos dos estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais.
- Ciclos de grao medio ou superior de ensinanzas deportivas.
- Ensinanzas artísticas superiores de deseño.
- Ensinanzas artísticas superiores de conservación e restauración de bens culturais.

Inclúe alumnado:

- Maior de 15 anos.
- Matriculado en centros públicos ou privados con esas ensinanzas concertadas.
- Con necesidades educativas especiais ou discapacidade recoñecida e acreditada.
- Que realice a FCT en barco, dentro ou fóra de augas do territorio español.
- Que realice a FCT no estranxeiro (exclusivamente en horario e nas actividades da formación práctica en empresas).
- Que realiza parte de módulos profesionais nas empresas.

2. Centros sanitarios

2.1. As urxencias (dentro das primeiras 24 horas seguintes á data do accidente) poden ser atendidas en calquera centro sanitario público, privado ou privado concertado coa aseguradora.

2.2 Para solicitar citas médicas, despois dunha primeira asistencia de urxencias, para realizar posteriores tratamentos, revisións, consultas de seguimento, radiografías, rehabilitacións, intervencións cirúrxicas, etc. dirixíranse a:



Correo electrónico: siniestros.personales@helvetia.es

Fax: 902 366 057

Teléfono: 954 593 239

Os centros médicos concertados coa compañía aseguradora poden consultarse no seguinte enderezo:

<http://helvetia.scdirecto.com/cuadro-medico/selector>

3. Documentación para declarar un accidente á dirección xeral

Para realizar a declaración dun accidente, o centro educativo ten que enviar á dirección xeral un informe ou declaración do accidente (Anexo I ou Anexo II) xunto coa documentación indicada nesos anexos.

3.1 Accidentes no estranxeiro

Cando o accidente teña lugar fóra do territorio español, a cobertura será exclusivamente dentro do horario, o período e as actividades propias da formación práctica en empresas (excluída a franxa horaria que está fóra do horario de traballo ou en actividades alleas á formación práctica en empresas).

O alumnado terá que aboar primeiro os gastos médicos, e logo pedir a factura e o parte médico da primeira asistencia de urxencias do centro sanitario onde fose atendido. A factura, xunto co resto da documentación indicada no Anexo I, será remitida á secretaría xeral.

3.2 Accidentes *in itinere*

Estes accidentes só son admitidos dentro do itinerario de ida e volta entre o domicilio do alumno e o centro de traballo sen que exista interrupción entre o traballo e o accidente. Para realizar a declaración, o centro educativo enviará á secretaría xeral o Anexo II xunto coa documentación indicada nel.

4. Documentación para a declaración de danos á póliza de responsabilidade civil

A empresa ten que presentar unha reclamación por escrito co nome, os apelidos e o NIF da persoa responsable do centro de traballo, enderezo e teléfono de contacto, na que expoñerá os feitos, as deterioracións, a valoración dos danos..., así como fotos, orzamento..., co fin de darlle traslado ao perito da aseguradora (de ser necesaria a súa intervención que, no prazo de 24 horas procedería a verificar e valorar os danos) e, en caso de acordo, a aseguradora aboaríalle á empresa o importe.

Para a declaración de danos á póliza de responsabilidade civil, o centro educativo ten que enviar á dirección xeral o Anexo III xunto coa documentación indicada nel.



5. Exclusiones más relevantes

1. Conducción de vehículos da empresa ou de clientes da empresa.
2. Infraccións de tráfico do asegurado.
3. Danos en vehículos propiedade do asegurado.
4. Danos en vehículos propiedade da empresa ou vehículos de clientes da empresa.
5. Viaxes de ida e volta ao estranxeiro en calquera medio para realizar a formación práctica en empresas.
6. Fóra do Estado, as visitas turísticas, excursións ou actividades sen relación coa formación práctica en empresas.
7. Os accidentes que ocorran fóra do horario ou do período de formación práctica en empresas, agás *in itinere*.
8. Suicidio, tentativas de suicidio ou automutilación.
9. Guerras ou operacións de carácter similar.
10. Participar en actos delituosos ou pelexas.
11. Danos por fenómenos atmosféricos.
12. Embriaguez, uso de estupefacientes, alucinóxicos e drogas.
13. Reclamacións por calquera enfermidade debidas á fabricación, elaboración, transformación, montaxe, venda ou uso de amianto, ou de produtos que o conteñan.
14. Transporte e entrega de materias perigosas, e almacenamento, transporte e uso de explosivos.
15. Responsabilidade que puidese corresponder a contratistas, subcontratistas e demais persoas sen relación de dependencia laboral co asegurado.
16. Danos por feitos de guerra civil ou internacional, motín ou tumulto popular, terrorismo, terremotos e inundacións, e outros eventos extraordinarios.
17. Todos os danos derivados de responsabilidade ambiental baseada na Lei 26/2007, do 23 de outubro de responsabilidade ambiental e normativa de desenvolvemento, que fose esixida por parte da Administración pública.
18. Multas ou sancións económicas impostas polos tribunais e demais autoridades, e as consecuencias do seu impagamento.
19. Danos causados por calquera artefacto, nave ou aeronave destinados á navegación ou sustentación acuática ou aérea.
20. Danos debidos á mala fe do asegurado ou persoa da que deba responder, os derivados da comisión intencionada dun delito, así como os que teñan a súa orixe nunha infracción ou no incumprimento voluntario das normas que rexen as actividades obxecto do seguro.
21. Danos causados polos produtos, materiais e animais despois da súa entrega, logo de que o asegurado perda xa o poder de disposición sobre eles.
22. Danos causados polos traballos realizados ou servizos prestados polo asegurado logo de rematados, entregados ou prestados.
23. Prexuízos non consecutivos e as perdas económicas que sexan consecuencia dun dano persoal ou material non amparado pola póliza.
24. Actividade investigadora ou de peritaxe ou ditames, así como aquela que resulte especialmente perigosa ou distinta á que normalmente se realiza no centro.
25. Danos morais.



5. Anexos para a declaración dos accidentes á dirección xeral

O Anexo I (declaración dun accidente) o Anexo II (declaración dun *accidente in itinere*) e o Anexo III (declaración á póliza de responsabilidade civil de danos na empresa) xeraranse a través desta aplicación no apartado *Informes FCT/Procedemento seguro*.

6. Enderezo electrónico para enviar a documentación e teléfonos de contacto

A documentación enviarase por correo electrónico a: fct@edu.xunta.gal

Teléfonos de contacto: 981 546 540 ou 981 540 213



ANEXO PARA O/A ALUMNO/A DE FCT

Número da póliza de accidentes: GA C30 0000127
Número da póliza de responsabilidade civil: GA R18 0000267
Período de efecto: 01/09/2023 – 31/08/2025

Compañía aseguradora: Helvetia Compañía Suíza S.A. de Seguros y Reaseguros
 C/ Paseo Cristóbal Colón, 26 - 41001 - Sevilla
 CIF: A41003864

Tomador: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
 Dirección Xeral de Formación Profesional
 Edificio Administrativo San Caetano, s/n – 15781 Santiago de Compostela
 CIF: S1511001H

As urxencias (dentro das primeiras 24 horas seguintes á data do accidente) poden ser atendidas en calquera centro sanitario público, privado ou privado concertado coa aseguradora.

Para solicitar citas médicas, despois dunha primeira asistencia de urxencias, para realizar posteriores tratamentos, revisións, consultas de seguimento, radiografías, rehabilitacións, intervencións cirúrxicas, etc. dirixiranse a:

siniestros.personales@helvetia.es
 Fax 902 366 057 Teléfono 954 593 239

Os centros médicos concertados coa compañía de aseguradora poden consultarse no seguinte enderezo:
<http://helvetia.scdirecto.com/cuadro-medico/selector>

DATOS PARA CUBRIR POLO/A ALUMNO/A E ENTREGAR NO CENTRO EDUCATIVO PARA DECLARAR O ACCIDENTE

DATOS DO/A ALUMNO/A

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA
NIF	DATA DE NACEMENTO	TELÉFONO		

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO

NOME	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA
------	----------	---------------	----------	-----------

DATOS DO ACCIDENTE

DATA	LUGAR (rúa, concello, provincia)	PRECISOU AMBULANCIA (SI/NON)
DESCRIPCIÓN DO SUCESO		

DATOS DO CENTRO MÉDICO

NOME	CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO
------	----------	-----------	----------

IMPORTANTE:

1. Comunique no centro sanitario onde sexa atendido o nome da compañía de seguros e o número da póliza de accidentes.
2. Despois de ser atendido no centro sanitario, entregue esta folla cuberta ao/a titor/a ou coordinador/a de FCT do seu centro educativo, xunto co parte médico da primeira asistencia de urxencias.
3. Comunique o accidente **inmediatamente** no seu centro educativo, xa que o atraso ou non declarar un accidente pode dar lugar a que teña que aboar vostede a factura.



5. Exclusiones máis relevantes

1. Condución de vehículos da empresa ou de clientes da empresa.
2. Infraccións de tráfico do asegurado.
3. Danos en vehículos propiedade do asegurado.
4. Danos en vehículos propiedade da empresa ou vehículos de clientes da empresa.
5. Viaxes de ida e volta ao estranxeiro en calquera medio para realizar a formación práctica en empresas.
6. Fóra do Estado, as visitas turísticas, excursións ou actividades sen relación coa formación práctica en empresas.
7. Os accidentes que ocorran fóra do horario ou do período de formación práctica en empresas, agás *in itinere*.
8. Suicidio, tentativas de suicidio ou automutilación.
9. Guerras ou operacións de carácter similar.
10. Participar en actos delituosos ou pelexas.
11. Danos por fenómenos atmosféricos.
12. Embriaguez, uso de estupefacientes, alucinóxenos e drogas.
13. Reclamacións por calquera enfermidade debidas á fabricación, elaboración, transformación, montaxe, venda ou uso de amianto, ou de produtos que o conteñan.
14. Transporte e entrega de materias perigosas, e almacenamento, transporte e uso de explosivos.
15. Responsabilidade que puidese corresponder a contratistas, subcontratistas e demais persoas sen relación de dependencia laboral co asegurado.
16. Danos por feitos de guerra civil ou internacional, motín ou tumulto popular, terrorismo, terremotos e inundacións, e outros eventos extraordinarios.
17. Todos os danos derivados de responsabilidade ambiental baseada na Lei 26/2007, do 23 de outubro de responsabilidade ambiental e normativa de desenvolvemento, que fose esixida por parte da Administración pública.
18. Multas ou sancións económicas impostas polos tribunais e demais autoridades, e as consecuencias do seu impagamento.
19. Danos causados por calquera artefacto, nave ou aeronave destinados á navegación ou sustentación acuática ou aérea.
20. Danos debidos á mala fe do asegurado ou persoa da que deba responder, os derivados da comisión intencionada dun delito, así como os que teñan a súa orixe nunha infracción ou no incumprimento voluntario das normas que rexen as actividades obxecto do seguro.
21. Danos causados polos produtos, materiais e animais despois da súa entrega, logo de que o asegurado perda xa o poder de disposición sobre eles.
22. Danos causados polos traballos realizados ou servizos prestados polo asegurado logo de rematados, entregados ou prestados.
23. Prexuízos non consecutivos e as perdas económicas que sexan consecuencia dun dano persoal ou material non amparado pola póliza.
24. Actividade investigadora ou de peritaxe ou ditames, así como aquela que resulte especialmente perigosa ou distinta á que normalmente se realiza no centro.
25. Danos morais.